



Ismael González García

Licenciado en Farmacia (2011, Premio Extraordinario de Licenciatura) e Doutor (2018, Premio Extraordinario de Doutoramento) pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), Ismael González García (O Rosal, 1988) completou a súa formación cunha estadía postdoutoral de case cinco anos no Centro de Investigación Helmholtz Munich (Alemaña). Dende 2023 é Investigador **Ramón y Cajal** e líder do grupo Neuroendocrine Regulation of Metabolism (NeuRoMet) no Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS).

Ao longo da súa carreira investigadora, os seus traballos centráronse en comprender os mecanismos moleculares a través dos cales o hipotálamo regula a homeostase enerxética e o metabolismo periférico. Neste eido, cabe destacar que o Dr. González-García leva máis dunha década adicada ao estudo das accións hipotalámicas dos estrógenos.

Ao longo desta traxectoria, publicou 45 artigos revisados por pares no campo da neuroendocrinoloxía e o metabolismo. Estes inclúen contribucións como primeiro autor en revistas de alto impacto como *Cell Metabolism*, *Nature Communications* ou *Metabolism*, sumando un número total de citacións superior ás 2400, e un índice H de 23. Membro do Editorial Board de *Molecular Metabolism e Endocrinology*, participa como asesor en axencias avaliadoras da actividade investigadora coma o Consello de Investigación e Innovación do Reino Unido, as bolsas MSCA da Comisión Europea, o Centro Nacional de Ciencias de Polonia e a Axencia Estatal de Investigación (AEI). Ademais, colabora na docencia do Departamento de Fisioloxía da USC.

No 2025, recibiu unha **ERC Starting Grant** dotada con 1,5 M€ para financiar o proxecto **HypoPause**. Dito proxecto centrarase en estudar os cambios moleculares e celulares que se producen no hipotálamo durante a menopausa para comprender o seu papel nos mecanismos fisiopatolóxicos que impulsan as alteracións metabólicas asociadas a esta etapa vital feminina.